

Recuperando o Himno

Galicia recupera a historia do Himno no centenario da súa interpretación

Data de publicación: 2007-12-19

O 20 de decembro de 1907 tiña lugar no Gran Teatro de La Habana a primeira interpretación pública e solemne do Himno galego. A coincidir con este centenario, o Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega editan unha publicación conxunta que repasa a historia e a evolución dos símbolos nacionais de Galicia. Segue co profesor Manuel Ferreiro, autor do capítulo dedicado ao Himno, o proceso de creación desta importante peza no noso contido multimedia especial.



O 20 de decembro de 1907 tiña lugar no Gran Teatro de La Habana a primeira interpretación solemne do himno galego. Foi grazas á sociedade de amigos galegos da capital cubana e, especialmente, a Xosé Fontenla Leal que o himno (fora composto case vinte anos atrás) comezara a constituírse en símbolo nacional. Cen anos despois da súa interpretación varias publicacións documentan o proceso de creación e oficialización dun dos nosos símbolos. Hoxe comezamos co himno.

A mediados do século XIX as nacións comezaron a producir os seus símbolos nacionais. Galicia non foi unha excepción a ese movemento que se producía en toda Europa e, a través de diferentes certames e concursos, foi buscando o que sería o seu himno. O profesor Manuel Ferreiro explícanos o proceso de creación e posterior consolidación do himno pondaliano. En todo caso, o texto composto por Eduardo Pondal e musicado por Pascual Veiga non foi oficial ata o 29 de maio de 1984, que foi cando o parlamento galego aprobou a súa "Lei de Símbolos" que fixa

o noso himno, a bandeira e o escudo.

A traxectoria que existe entre a súa creación e o día de hoxe está a documentarse en varias publicacións que ven a luz estes días. En primeiro lugar o libro "Os símbolos de Galicia" que recolle os traballos de Ramón Villares (Presidente do Consello da Cultura Galega), Xosé Ramón Barreiro Fernández (Presidente da Academia Galega), Manuel Ferreiro, Xosé Luís Axeitos, Fernando López-Acuña e Eduardo Pardo de Guevara. A publicación é editada conxuntamente polo Consello da Cultura e a Real Academia. Canda a este estudo, as tres universidades galegas presentarán proximamente "O himno galego: documentos históricos (1890-1907)" que recollerá os documentos fundamentais que escriben o proceso.

¿Queres incluír este contido na túa páxina? Copia o seguinte código:

```
<embed src="http://www.culturagalega.org/imaxes/slides/11251/diapos.swf?size=2&format=txt" quality="high" bgcolor="#FFFFFF" width="500" height="418" name="soundslider" align="middle" menu="false" allowScriptAccess="sameDomain" type="application/x-shockwave-flash" pluginspage="http://www.macromedia.com/go/getflashplayer" /><br />
```



Consello da Cultura Galega. (www.consellodacultura.org) Pazo de Raxoi, 2 andar.
15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Contacto: Tfno: 0034981569020 / Fax : 0034981569020 / e-mail:
redacción@culturagalega.org